

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



Exp. 2023/E001/000023

### ANUNCIO

#### RESULTADOS DO TERCEIRO EXERCICIO, PROBA DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA.

**Proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, dunha (1) praza de Auxiliar Administrativo incluída na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.**

Reunido o Tribunal, en data 29/10/2025, ás 12:00 horas, no Salón de Plenos da Casa do Concello para a realización do terceiro exercicio da oposición, proba de coñecemento da lingua galega, para aqueles aspirantes que non teñan acreditado o coñecemento da lingua galega segundo o sinalado nas Bases, asistindo como asesora do Tribunal a técnico de normalización lingüística do Concello.

A dita proba consistiu, segundo o establecido na Base 10.3, nunha redacción en galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, dun documento relacionado coas funcións propias do posto de traballo e/ou nunha proba oral dun máximo de 10 minutos, tendo carácter eliminatorio, e sendo cualificada como apta ou non apta.

Á dita proba presentáronse os dous aspirantes que, tendo superado algún dos exercicios da oposición, non tiñan acreditado o coñecemento da lingua galega para se atopar exentos da realización do terceiro exercicio, logo do chamamento correspondente.

Os resultados da proba son:

|                  |          |           |      |
|------------------|----------|-----------|------|
| GONZALEZ ALVAREZ | FERNANDO | ***5921** | APTO |
| GONZALEZ ALVAREZ | SANTIAGO | ***5921** | APTO |

En Carballo, documento asinado dixitalmente na data indicada á marxe

O Presidente

**Juan Manuel Arias López**

O Secretario

**Carlos Collazo Martínez**